

BASES DO CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2018

PRIMEIRA.- Este concurso consiste en realizar o deseño dunha postal de Nadal.

SEGUNDA.- O concurso está dirixido a nenos e nenas de entre 3 a 14 anos alumnos/as do C.P.I de Castroverde. Haberá 5 categorías individuais:

- 1ª categoría: dirixida a alumnos de infantil.
- 2ª categoría: dirixida a alumnos/as de 1º e 2º de primaria
- 3ª categoría: dirixida a alumnos/as de 3º e 4º de primaria
- 4ª categoría: dirixida a alumnos/as de 5º e 6º de primaria
- 5ª categoría: dirixida a alumnos/as de 1º e 2º da ESO.

TERCEIRA.- os deseños deberán facerse a man, en papel ou cartolina e de máximo terán tamaño A4 , podendo só presentar un traballo por alumno.

CUARTA.- Os traballos deberán presentarse como data límite o mércores día 19 de decembro na Secretaría do C.P.I de Castroverde.

QUINTA.- Será necesario que pola parte da atrás de cada traballo se especifiquen os seguintes datos: Nome e apelidos do autor, domicilio, data de nacemento, curso académico, teléfono e sinatura.

SEXTA.- O xurado estará composto por varias persoas expertas na materia.

SÉTIMA: PUBLICACIÓN DOS GAÑADORES DO CONCURSO:

No cartel anunciador da Cabalgata serán publicados os nomes e apelidos e o curso académico dos gañadores do Concurso así como tamén unha pequena fotografía dos seus deseños.

OITAVA.- PREMIOS:

Por cada categoría haberá un premio sorpresa, que será para os autores dos deseños mais valorados polo xurado. Os premios serán entregados o día 5 de xaneiro no Pavillón Polideportivo Municipal coincidindo coa Cabalgata de Reis.

NOVENA.- A participación neste concurso implica a cesión ó Concello de Castroverde dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre os traballos presentados previstos na lexislación sobre a Propiedade ou a súa edición dixital, así como calquera outro medio, todo elo sen ánimo de lucro, e pola duración máxima permitida pola citada lexislación da Propiedade Intelectual.

DÉCIMA.- *“De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais e/ou dos do menor (nos seu caso) é o Concello de Castroverde con dirección en Praza do Concello, nº 2, CP 27120, Castroverde. (Lugo). Os datos persoais serán empregados para a correcta xestión do Concurso de Postais organizados polo Concello. Os seus datos persoais non se cederán, salvo que exista una obriga legal para elo. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos,, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.0>*